

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**16818** *Real decreto 1386/2011, do 14 de outubro, polo que se modifica o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro.*

A cobertura dos riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens ten a súa regulación legal actual no texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, e modificado tanto pola Lei 12/2006, do 16 de maio, pola que se modifica o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, e a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, como pola Lei 6/2009, do 3 de xullo, pola que se modifica o Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, para suprimir as funcións do Consorcio de Compensación de Seguros en relación cos seguros obrigatorios de viaxeiros e do cazador e reducir a recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras, e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.

O desenvolvemento regulamentario do Estatuto legal no relativo ao sistema de cobertura de riscos extraordinarios polo Consorcio de Compensación de Seguros contense no Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro. Esta norma, ademais doutras consideracións, introduciu modificacións respecto do anterior Regulamento de 1986 para adaptarse á evolución do mercado en xeral e das cláusulas de cobertura aseguradora en particular. Ao respecto, especialmente destacable foi, entre outras cuestións, a ampliación do concepto de «tempestade ciclónica atípica» para abranguer os danos ocasionados exclusivamente por ventos extraordinarios ou por tornados, superando a exigencia de que os ventos concorresen necesariamente con determinados niveis de precipitación pluviométrica ou de temperatura.

Desde a entrada en vigor do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios de 2004, o Consorcio tivo ocasión de adquirir experiencia na tramitación de fenómenos catalogados como de «tempestade ciclónica atípica», que se concretaron en todos os casos na presentación de tornados e, moi especialmente, no rexistro de ventos extraordinarios. Tendo en conta que entre os fenómenos naturais que se encontran comprendidos entre os riscos extraordinarios é precisamente o de «tempestade ciclónica atípica» o único que require, para a súa consideración como tal, da superación de determinados limiares, a tramitación dos casos presentados debeu vir precedida das oportunas análises das medicións e indicios que se puideron obter, sempre coa colaboración da Axencia Estatal de Meteoroloxía e doutros servizos de meteoroloxía de ámbito autonómico. Isto creou dificultades en non poucos casos, que se superaron na maioría deles, dado o carácter local con que se presentara o fenómeno, co estudo das súas características e efectos sobre o terreo, non sen xerar certos atrasos na resolución das sinistralidades superiores ao habitual para igual número de reclamacións por outro tipo de fenómenos.

Coa experiencia acumulada na tramitación dos diversos eventos de «tempestade ciclónica atípica» que se presentaron desde a aprobación do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios de 2004, e moi especialmente coa achegada pola tormenta «Klaus», evidenciouse a conveniencia de dar un paso máis na definición do fenómeno desde o punto de vista do seu tratamento asegurador, establecendo de forma específica os criterios de delimitación xeográfica que permitan obxectivar o máximo posible o

proceso e, por conseguinte, axilizar a súa tramitación e evitar posibles discrepancias, ao tempo que con iso se engade aínda un maior grao de seguridade xurídica na determinación dos fenómenos cuxa cobertura corresponde ao Consorcio de Compensación de Seguros.

Por outra banda, a Lei 3/2010, do 10 de marzo, pola que se aproban medidas urxentes para paliar os danos producidos polos incendios forestais e outras catástrofes naturais producidos en varias comunidades autónomas, modificou, na súa disposición derradeira terceira, o número 1 do artigo 3.º da Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados, para incorporar un novo parágrafo que contén a previsión de que dentro do seguro agrario combinado se poderán atender, ademais das producións agropecuarias, tamén os danos ocasionados polos fenómenos previstos na lei sobre instalacións e elementos produtivos establecidos na parcela afectada polo sinistro e que resultasen necesarios para o desenvolvemento da produción asegurada.

Tanto a citada lei coma o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, regulan un sistema de aseguramento, o dos seguros agrarios combinados, que contén entre as súas coberturas riscos de natureza potencialmente catastrófica que coinciden en gran medida (en especial os dous principais, inundación e fenómenos de vento) cos que son obxecto de cobertura dentro do seguro de riscos extraordinarios xestionado polo Consorcio de Compensación de Seguros. Por iso, e á marxe da xa existente exclusión do ámbito de aplicación do regulamento destes riscos das producións susceptibles de aseguramento naquel sistema, é necesario agora, tendo en conta a modificación operada na normativa dos seguros agrarios combinados pola Lei 3/2010, do 10 de marzo, proceder á correspondente adaptación da normativa do seguro de riscos extraordinarios, de forma que desta queden excluídas, en todo caso, as pólizas de seguros agrarios combinados, mesmo cando o obxecto do seguro sexa, xunto coas producións, as instalacións ou elementos produtivos.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de outubro de 2011,

#### DISPOÑO:

*Artigo único. Modificación do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro.*

Un. Modifícase o número 4.º do artigo 2.1.e) do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, que queda redactado como segue:

«4.º Ventos extraordinarios, definidos como aqueles que presenten refachos que superen os 120 quilómetros por hora. Entenderase por refacho o maior valor da velocidade do vento, sostida durante un intervalo de tres segundos.

Co obxecto da delimitación xeográfica da área de afectación do fenómeno meteorolóxico descrito, o Consorcio de Compensación de Seguros facilitaralle á Axencia Estatal de Meteoroloxía cantas medicións alleas a esta reciba ou poida recibir, para os efectos do seu contraste pola Axencia, e solicitará a súa colaboración na delimitación xeográfica mediante a extrapolación, cos criterios científicos máis avanzados, das medicións existentes, de forma que se procure a maior homoxeneidade posible na definición da área e se evite a exclusión de puntos illados respecto dos cales exista dúbida razoable, mesmo aínda que puideren carecer de medicións específicas, tendo en consideración as rexistradas nos municipios limítrofes e, de ser o caso, os lindeiros con estes.»

Dous. Modifícase o punto 1.a) do artigo 4 do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, que queda redactado como segue:

«a) Nos seguros contra danos: pólizas de vehículos terrestres, vehículos ferroviarios, incendios e eventos da natureza, outros danos nos bens (roubo, rotura de cristais, danos a maquinaria, equipamentos electrónicos e ordenadores) e perdas pecuniarias diversas, sempre que, neste último caso, recollan coberturas das citadas no artigo 3.2, así como modalidades combinadas deles ou cando se contraten de forma complementaria. Non obstante, quedan excluídas, en todo caso, as pólizas dos seguros agrarios combinados, calquera que sexa o ben obxecto do seguro, así como calquera outra que cubra producións agropecuarias susceptibles de aseguramento a través do sistema dos seguros agrarios combinados por encontrarse recollidas nos plans que anualmente aproba o Goberno, calquera que sexa a delimitación das coberturas que prevea o dito sistema, así como as pólizas que cubran os riscos derivados do transporte de mercadorías, e da construción e montaxe, incluídas a pólizas subscritas en cumprimento da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

As pólizas que, cubrindo producións agropecuarias non incluídas nun plan anual de seguros agrarios combinados, se encontren en vigor no momento da inclusión das ditas producións nun novo plan, entenderanse excluídas da obriga de pagar a recarga a favor do Consorcio de Compensación de Seguros e, en consecuencia, da cobertura outorgada por este, por aplicación do parágrafo anterior, a partir do seu vencemento ou renovación, e como moi tarde no prazo dun ano desde a aprobación polo Goberno do plan anual en que pasen a estar incluídas as producións.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ